

ACORDO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E FINANCIERA MADERERA SA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CONXUNTAS CON MOTIVO DA EXPOSICIÓN “DA ÁRBORE Á CADEIRA”

En Santiago de Compostela, a 03 de outubro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640. Constituída o día 27 de decembro de 1999, ante o notario do Ilustre Colexio de don , con número de Protocolo . A Fundación está inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 73.

Está representada neste acto por D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación en data do 16 de decembro de 2016, poder escriturado ante o notario do Ilustre Colexio de don , con número de Protocolo .

E doutra parte, **FINANCIERA MADERERA SA** domicilio social en Lugar de Formarís, s/n (15707) Santiago de Compostela e provisto do NIF A15005499, inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, Folla , ao Tomo Folio .

Está representada neste acto por , na súa condición de representante legal conforme aos poderes outorgados ao efecto ante o notario do Ilustre Colexio de don en data de e número do seu protocolo .

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario de , , co número do seu protocolo, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e

Ordenación Universitaria que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

Segundo- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

- *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- *Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.*
- *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*

En cumprimento dos seus fins sociais, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, leva a cabo todo tipo de accións tendentes á difusión e promoción da cultura galega, e do mundo natural e empresarial dentro e fora do territorio da nosa Comunidade, impulsando a conversión da Cidade da Cultura nunha referencia do sistema cultural galego, estimulando a creatividade, xerando novos públicos, apoiando a vertebración do tecido cultural e industrial de Galicia, facilitando os intercambios con outras iniciativas, e apostando por aqueles elementos singulares da nosa identidade.

Neste sentido, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, dentro do seu programa de exposicións, inclúe a organización, desenvolvemento ou apoio de eventos culturais de interese para a difusión da Cidade da Cultura de Galicia, entre os que se atopa a exposición sobre mobiliario galego **DA ÁRBORE Á CADEIRA** que permanece aberta ao público dende o 7 de abril ao 5 de novembro de 2017 no Museo Centro Gaiás.

DA ÁRBORE Á CADEIRA propón unha viaxe emocional da materia ao produto, da madeira ao mobiliario doméstico. Comisariada polo arquitecto Carlos Seone, a mostra dirixirá a ollada dos visitantes cara á riqueza ambiental dos bosques, a tradición en Galicia dos oficios vinculados ás artes da madeira e ao deseño contemporáneo do moble.

Este percorrido comeza nos propios bosques galegos, baixo a ollada de fotógrafos como Manuel Vilariño, Vari Caramés, Xosé Caruncho, Juan de la Sota ou Juan Rodríguez; grandes artistas plásticos como Castelao, Seoane, Maside e figuras contemporáneas como Pamen

Pereira ou Jorge Perianes. Nunha segunda etapa deste percorrido, a exposición ofrece unha viaxe polo deseño desde os pioneiros (Isaac Díaz Pardo, Alejandro e Jesús de la Sota e Xosé Bar Bóo) ate os contemporáneos, entre os que se atopan moitos dos grandes arquitectos e deseñadores galegos, como Manuel Gallego Jorreto, Irisarri e Piñera, Noguerol e Díaz, Iago Seara, Carlos Quintás, Creus e Carrasco, Tomás Alonso, Elías Cueto, Lucía Buceta ou Iñaki Leite.

Terceiro- Que **Financiera Maderera SA** é unha empresa creada en 1931, pioneira na fabricación de paneis de madeira técnica aglomerado e MDF na Península Ibérica. Desde os seus comezos Financiera Maderera SA foi consciente da responsabilidade que adquiría ao contar coa madeira como elemento basee para transformar e desenvolver solucións.

Seguindo ese camiño na actualidade, Finsa fabrica unha ampla variedade de produtos derivados da madeira e se constitúen como un referente mundial no sector.

Cuarto.- Que Financiera Maderera SA mantén e desenvolve unha importante actividade na Comunidade Autónoma de Galicia; conscientes de elo, contribúen activa e voluntariamente á mellora social, económica e ambiental da empresa e á súa repercusión na cidadanía galega.

Neste sentido, desenvolveu un proxecto expositivo “Conexión Finsa” intimamente ligado ao mundo da madeira, e moi relacionado co argumentario DA ÁRBORE Á CADEIRA, cuxa visión pode complementar a visión que da materia se está a ofrecer ao visitante. Se podería articular como un novo espazo dentro da exposición, de descubrimento aberto ao público xeral para que éste poida achegarse ao sector da madeira cunha mirada máis próxima e persoal. A mostra explícase e defínese a través de seis temas ou nodos, a emoción e o íntimo de cada un dos nodos que explican o proceso vital do material derivado da madeira natural.

Seis pasos, precisamente, son os que ten o ciclo da madeira: materia prima, transformación, distribución, deseño, oficio e cliente. A proposta mestura tradición mediante obxectos físicos da carpintería clásica e innovación mediante un percorrido virtual, e convida ao visitante a compartir cada cadea do proceso e analizar a maneira na que conectan con aquel.

Este proxecto se completaría cun evento programado que consiste nunha serie de charlas unha serie de charlas de personalidades relevantes relacionadas co contemporáneo dende diferentes ópticas: innovación tecnolóxica, arte, gastronomía, deseño, etc. As charlas serían de aproximadamente 15 minutos para cada uno dos seis participantes procedentes de diferentes sectores e ámbitos nunha única xornada.

Quinto- Visto o anterior, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia está interesada na colaboración con Financiera Maderera SA na realización destas actividades conxuntas que complementen as actuacións levadas a cabo pola Fundación no marco da exposición temporal DA ÁRBORE Á CADEIRA, repercutindo na ampliación de coñecementos que sobre a materia, se están a ofrecer no Museo Centro Gaiás, polo que as partes acordan a sinatura do presente acordo, consonte coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Polo presente acordo, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Financiera Maderera SA acordan establecer as bases de colaboración entre ambas institucións, para a realización de actividades conxuntas no marco da exposición temporal DA ÁRBORE Á CADEIRA, o que repercutirá na ampliación de coñecementos que sobre a materia, se están a ofrecer no Museo Centro Gaiás con motivo desta exposición.

Entre as accións programadas, ambas partes acordan que o proxecto expositivo Conexión Finsa intimamente ligado ao mundo da madeira promovido por Financiera Maderera SA, e moi relacionado co argumentario DA ÁRBORE Á CADEIRA, se englobe como actividade complementaria a grande mostra; dito proxecto se articulará como un novo espazo dentro da exposición, de descubrimento aberto ao público xeral para que este poida achegarse ao sector da madeira cunha mirada máis próxima e persoal. A mostra explícase e defínese a través de seis temas ou nodos, a emoción e o íntimo de cada un dos nodos que explican o proceso vital do material derivado da madeira natural.

Este proxecto se completará con unha serie de charlas de personalidades relevantes relacionadas co contemporáneo dende diferentes ópticas: innovación tecnolóxica, arte, gastronomía, deseño, etc. As charlas serían de aproximadamente 15 minutos para cada uno dos seis participantes procedentes de diferentes sectores e ámbitos nunha única xornada, e que se promocionarán baixo o paraugas común de DA ÁRBORE Á CADEIRA.

Estas actividades serán complementadas con diverso material didáctico e publicitario para mellor comprensión do visitante.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

Á FUNDACIÓN correspóndelle:

- a) A cesión gratuíta dun espazo adecuado na Cidade da Cultura de Galicia para a ubicación do proxecto expositivo referido no expoñendo cuarto do presente convenio.
- b) A cesión gratuíta dun espazo adecuado na Cidade da Cultura de Galicia para a organización dunha xornada relatorio referida no expoñendo cuarto do presente convenio.
- c) A organización e a xestión en xeral do conxunto das edificacións, centros e infraestruturas de todo o complexo, en canto titular da Cidade da Cultura de Galicia e a coordinación das actividades comúns desenvolvidas polos centros ou entidades ubicadas nela.
- d) O mantemento das instalacións (agás no caso do equipamento propio de Financiera Maderera SA), a seguridade e o equipamento ordinario dos espazos cedidos.
- e) Contar cos seguros que cubran de forma suficiente tanto a Responsabilidade Civil da CdC e da totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC, incluíndo os espazos cedidos a Financiera Maderera SA, coma os danos que se provoquen a ditos espazos.
- f) A promoción, programación, xestión e explotación das actividades culturais a desenvolver en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia.
- g) A promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
- h) Velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
- i) O coñecemento e a coordinación das actividades que, aínda que xestionadas por outros centros, entidades ou persoas, se desenvolvan nos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, para facilitar a información e a atención aos visitantes.

TERCEIRA.- OBRIGAS DE FINANCIERA MADERERA SA

A Financiera Maderera SA correspóndelle:

1. Deseño, planificación, xestión, montaxe e desmontaxe do proxecto expositivo referido no expoñendo cuarto, sempre baixo supervisión e conformidade do Departamento de Exposicións da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

2. Xestión e asunción dos custos derivados do transporte das obras expositivas, incluíndo a desembalaxe e reembalaxe das mesmas, así como os traballos e custos derivados das xestións coas aduanas e necesarias para o movemento das obras (de ser o caso).
3. Asunción dos custos derivados da contratación do seguro con cobertura fronte a danos provocados ás obras da exposición de Financiera Maderera, S.A., tanto durante a exhibición da obra no Museo Centro Gaiás, como durante o transporte, montaxe e desmonte das obras para exhibir.
4. Asesorar e colaborar na instalación do proxecto expositivo e na montaxe e desmontaxe da exposición, para o que xestionará e asumirá os custos derivados da contratación do equipo de montaxe e desmonte.
5. Xestión e asunción dos custos derivados da maquetación e produción da gráfica da montaxe e da gráfica de difusión bilingüe (castelán-galego).
6. Asunción dos gastos de desprazamentos do/s responsable/s do proxecto expositivo designados por Financiera Maderera, S.A. e evento programado no marco da exposición para supervisar a montaxe, atender aos medios de comunicación e facer unha visita á exposición, de ser preciso.
7. Xestión e asunción dos custos derivados da organización da xornada relatorio con presenza de seis participantes procedentes de diferentes sectores e ámbitos, incluídos desprazamentos e manutención do mesmos. Financiera Maderera SA acepta neste acto que a Fundación propoña a participación nestes encontros, de persoeiros e entidades representativos do sector da madeira en Galicia, esamblando estas xornadas baixo o mesmo paraugas e como unha actividade da exposición Da árbore á Cadeira.
8. En caso necesario, xestión e asunción dos custos derivados de adquisición e/ou adaptación ou acondicionamento de vitrinas e/ou mobiliario nas que se acomodarán os documentos, publicacións, etc., de ser o caso.
9. En caso necesario, xestión e asunción dos custos derivados de aluguer, montaxe e mantemento de equipos audiovisuais, de ser precisos.
10. Difusión da celebración da exposición no marco da exposición temporal DA ÁRBORE Á CADEIRA, conforme aos medios habituais ao seu alcance.
11. Organización e asunción dos custos derivados da inauguración da mostra e do evento programado no marco da exposición, de ser o caso, entre eles materiais promocionais e didácticos sobre o proxecto expositivo e custos de persoal derivados dos servizos didácticos e organización do evento programado.
12. Compromiso de incluír e difundir a colaboración da Fundación Cidade da Cultura de Galicia en todo o material divulgativo e publicitario que edite relativo ao evento.

CUARTA.- OBRIGAS COMÚNS.

Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Financiera Maderera SA obríganse a:

- a) Velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.
- b) Visibilidade dos logotipos propios de cada institución nos materiais promocionais utilizados para a difusión das actividades obxecto deste convenio que cada entidade realice e considere conveniente, previa confirmación por cada parte.
- c) Difusión, promoción e publicidade dos eventos/actividades propios de cada entidade, nas redes sociais xestionadas por ambas institucións, e calquera outra canle de difusión que se considere conveniente.
- d) Velar polo cumprimento dos deberes que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.

QUINTA.- RESPONSABILIDADES

A Fundación Cidade da Cultura non se fai responsable do material de traballo que Financiera Maderera SA poida manter nas instalacións.

En concreto, a Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro do espazo ocupado, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente contrato.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais dependentes de Financiera Maderera SA que vaian desenvolver as actividades previstas no acordo, ou terceiros que colaboren na realización do obxecto do convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do acordo.

SEXTA.- FINANCIAMENTO

Ambas partes financiarán os gastos derivados das obrigas que asumen con cargo aos seus orzamentos.

Serán por conta de Financiera Maderera SA, ademais dos gastos de persoal dependente do Financiera Maderera SA, calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, o financiamento dos custos da súa actividade propia, tales como materiais publicitarios, material de oficina, material informático e de telecomunicacións e material en xeral, os de comunicacións (postais ou telefónicas), os custos directos da actividade propia da Financiera Maderera SA, así como dos custos derivados das obrigas recollidas na cláusula terceira do presente convenio.

Serán por conta da Fundación Cidade da Cultura de Galicia os custos ordinarios correspondentes á seguridade, limpeza, mantemento das instalacións, subministracións de enerxía, auga, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados pola Financiera Maderera SA) ou impostos que afecten ao inmovible.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓNS OU OBRAS NAS INSTALACIÓNS.

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente á Financiera Maderera SA .

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética dos espazos cedidos e Financiera Maderera SA será o único responsable de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

OITAVA.- LIMPEZA

A Fundación conta cun servizo de limpeza ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia. Unha vez finalizada a relación entre ambas partes, Financiera Maderera SA deberá deixar os espazos e instalacións cedidas totalmente limpos de residuos; no caso de que a Financiera Maderera SA acumule entullos ou refugallo, procederá á súa recollida conforme as condicións orixinais dos espazos e instalacións obxecto de cesión, sen prexuízo de que de non producirse tal recollida, se facture á Financiera Maderera SA este servizo en partida independente, segundo tarificación ordinaria.

NOVENA.- SEGURIDADE E MANTEMENTO.

A Fundación conta cun servizo de seguridade ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, que continuará prestándose durante o período no que se ceden os espazos e instalacións.

Non obstante o anterior, Financiera Maderera SA é responsable do trato que, o persoal ao seu cargo, dispense ao público asistente.

Durante a utilización das instalacións e dos espazos cedidos, a Financiera Maderera SA será responsable da conservación e mantemento das zonas afectadas por cesión asumindo o compromiso de mantelas en perfecto estado en todo momento.

Se ao final do período de utilización das instalacións e dos espazos cedidos se tivese deteriorado algunha instalación ou espazo, Financiera Maderera SA comprométese a repoñelas á súa costa ao seu estado orixinal.

DÉCIMA.- CONDICIÓN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS I ESPAZOS CEDIDOS.

En ningún caso a cesión a Financiera Maderera SA das instalacións ou espazos obxecto deste convenio, poderá alterar o normal funcionamento de servizos e actividades da Fundación e da Cidade da Cultura de Galicia, nin poderá afectar a salas de exhibición temporal de fondos daquela cando nestas se estean a celebrar exposicións.

A Fundación establece os seguintes requisitos necesarios para formalizar a cesión das instalacións e espazos solicitados:

- A Financiera Maderera SA deberá respectar os horarios de apertura e peche das instalacións establecidos pola Fundación; en todo caso o acceso a zonas comúns e de traballo estarán dispoñibles os días hábiles que anualmente determina o calendario laboral local.
- Tras a finalización da relación contractual, a Financiera Maderera SA deixará os espazos nas mesmas condicións nas que se encontraban no momento da súa ocupación polo Cesionario.
- Cumpríranse todas as normas establecidas pola Fundación para a seguridade e, no seu caso, a conservación, cuxo incumprimento supón a resolución do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A información e documentación que se xere con motivo do convenio, será propiedade exclusiva da parte que a xere. Ningunha das partes poderá divulgar a devandita información sen o previo consentimento por escrito da outra parte, salvo nos casos previstos legalmente, así como cando esta sexa requirida por algún órgano e/ou institución administrativa ou xudicial de conformidade ao procedemento legalmente establecido. Non obstante o anterior, autorízase a Financiera Maderera, S.A. para a utilización e divulgación da información e documentación que se xere con motivo do convenio con fins de calquera clase, incluíndo os fins comerciais, os fins promocionais, e os fins de marketing, por tempo ilimitado, con ámbito mundial e de forma gratuíta.

As partes garantan que o tratamento de datos persoais xerados ou obtidos con motivo da organización do evento a través de las funcionalidades das que sexa titular, cumpren o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. A Fundación queda exonerada de calquera incumprimento do disposto na citada Lei e

normativa de desenvolvemento da mesma, por parte de Financiera Maderera SA no exercicio das súas actividades.

Así mesmo, se informa que co fin de dar cumprimento ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais que se faciliten en virtude do presente acordo, quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da FUNDACIÓN, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a FUNDACIÓN, como responsable do ficheiro, solicitándoo por escrito á Fundación Cidade da Cultura de Galicia ao enderezo Gaiás- Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceiro andar (Monte Gaiás), 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

DÉCIMO SEGUNDA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de Seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do Convenio. A Comisión de Seguimento estará formada por dous representantes de cada parte e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

Actuará de Presidente da Comisión de Seguimento a Directora Xerente da Fundación ou persoa na que delegue. Os acordos serán adoptados por maioría simple. O Presidente da Comisión de Seguimento ostentará a facultade de voto dirimente en caso de empate, a efectos da adopción de acordos.

A Comisión reunirse tantas veces estime se necesario a convocatoria de calquera das partes, estando condicionada a periodicidade das súas reunións polos asuntos para tratar.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente acordo se circunscribe á duración prevista para a realización do obxecto do presente convenio, e os días precisos para tarefas de montaxe e desmontaxe, sen posibilidade de prórroga. En todo caso, a duración máximo do convenio se circunscribe á data de clausura da exposición Da Árbore á Cadeira.

O convenio conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social o natureza xurídica de calquera das entidades convenientes, sempre que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

A expiración do convenio polo transcurso do tempo pactado non outorga dereito a reclamar indemnizacións.

As condicións da montaxe e instalación e traslado de persoal e materiais á Cidade da Cultura deberá autorizalo a Fundación de xeito expreso, polo que a empresa deberá presentar un proxecto escrito coas necesidades de instalacións que precise.

DÉCIMO CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. A falsidade ou inexactitude dos datos e circunstancias subministrados á FUNDACIÓN.
4. A deficiencia no uso das instalacións e espazos cedidos.
5. A cesión ou subcontratación das instalacións ou espazos cedidos.

6. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polas que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.
7. O incumprimento dalgunha das demais obrigas contidas no presente acordo ou na normativa civil aplicable.
8. A denegación das autorizacións e licenzas que procedan, así como os demais incumprimentos da normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

A resolución por incumprimento de Financiera Maderera SA extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO E XURISDICIÓN APLICABLE

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en virtude do disposto no seu artigo 4. O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade.

Pola Fundación Cidade da Cultura

Por Financiera Maderera SA

D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

D